

ANEXO 2

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN (ENTIDADE)

D./Dna. _____, con documento de
identidade _____, co cargo de _____ dentro
da entidade _____ (en diante,
ENTIDADE) e en representación da mesma, como parte do proceso de adhesión á
rede Xatemprego e para o uso da aplicación web para a xestión de actividades

COMPROMETO

PRIMEIRO.- A usar de xeito dilixente e profesional a **APLICACIÓN** en relación aos
servizos de promoción do emprego, o autoemprego e o desenvolvemento local que
se detallan na solicitude de adhesión á rede.

SEGUNDO.- Restringir o acceso á información da Rede Xatemprego exclusivamente a
aquele persoal da entidade que forme parte da Rede en cada momento ou que, por
motivos de xestión, deba realizar a explotación da información relativa ao
desempeño do persoal propio da **ENTIDADE**.

TERCEIRO.- A gardar e facer gardar estrita confidencialidade no relativo á
información á que poida ter acceso o persoal da **ENTIDADE** realizando actividades
relacionadas coa **APLICACIÓN**, co obxecto de prestar servizos relativos ao emprego,
autoemprego e desenvolvemento local.

En particular, a observar os deberes de confidencialidade e segredo recollidos no
Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de
decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais
normativa concordante, respecto de calquera tipo de información que puidera
coñecer con motivo do desenvolvemento do meu traballo, e que empregarei cos fins
exclusivos de xestión para os que sexa autorizada/o. No caso de acceder a sistemas
de información da Xunta de Galicia fágome responsable dos accesos que se realicen
a ficheiros mediante o meu contrasinal persoal. Estas obrigacións subsistirán aínda
despois de finalizada a relación entre as partes.

CUARTO.- O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á esixencia de
responsabilidades administrativas ou de calquera outra natureza.

En _____, a _____

Asdo.:

Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Xunta de Galicia

San Lázaro s/n